



CARMEN CHAMORRO

ARMADORA E REDEIRA

ARMADORAS

Carmen Chamorro naceu en Panxón en 1967, no seo dunha familia profundamente ligada á tradición pesqueira na que “o barco era un membro máis da familia”. O seu bisavó, dono de embarcacións de cerco, pescaba nas costas galegas e portuguesas, con licenza ata Lisboa. Co tempo, os barcos pasaron do seu bisavó ao seu pai e, finalmente, a Carmen e o seu irmán Fermín.

Lembra que no baixo da casa dos avós, onde pasou gran parte da súa infancia, había unha chabola destinada á reparación de redes. Aínda que non se acorda do primeiro día que encheu unha agulla, é evidente que ese labor fixo parte da súa vida desde ben pequena. Lembra que, entre xuño e novembro, a súa familia dedicábase a preparar os barcos para a tempada de cerco, mentres que o resto do ano exploraban outras artes de pesca.

Carmen foi testemuña do papel esencial que desempeñaban as mulleres da súa familia: eran responsables dos labores administrativos, de venda e de reparación de redes, mentres que os homes se ocupaban do traballo a bordo. Con todo, na súa familia había un legado de mulleres fortes e decididas que, malia a falta de recoñecemento social, facíanse escoitar.

Desde a súa mocidade, Carmen soñou con ser parte do mundo do mar e formouse como patroa de altura. Con todo, as oportunidades de levar o barco non chegaron, e centrouse na reparación de redes e outros traballos complementarios.

Pero o seu inconformismo e determinación por cambiar e mellorar levouna a unirse á Asociación de Redeiras de Cangas e así formar parte da Federación de Redeiras, desde onde realmente podían lograrse cambios significativos no sector.

Durante máis de dez anos na súa etapa na asociación e federación galega loitou pola profesionalización das redeiras, por mellorar as súas condicións laborais, combater o intrusionismo no oficio e impulsar o recoñecemento social da profesión. Carmen chegou a converterse en formadora na escola taller de Moaña, mentres continuaba aprendendo do círculo familiar ata que ela e o seu irmán asumiron a dirección da empresa.

A crianza dos seus tres fillos impediulle estar tan involucrada no sector durante algúns anos. Con todo, cando medraron, Carmen asumiu o reto de converterse en presidenta de ACERGA, a Asociación de Armadores de Cerco de Galicia. Desde esta posición, afronta un dos desafíos máis imperiosos: a falta de remuda xeracional. Recoñece con tristeza que a súa xeración é a que sostén a profesión e que, como non se produzan os cambios necesarios, tamén será a que a verá morrer.

Carmen soña cun futuro en que o sector pesqueiro se adapte aos cambios na comercialización e novos hábitos de consumo, sempre coa mirada posta na sustentabilidade. O seu obxectivo é mellorar as condicións laborais e asegurar un maior recoñecemento social tanto do oficio pesqueiro como da imprescindible contribución das mulleres.

Impulsada polo seu desexo de deixar un legado e de incorporar máis mulleres no sector, Carmen segue a traballar xunta o seu fiel e querido irmán no barco onde todo comezou. A súa vida, marcada polo esforzo e a determinación, é un testemuño da fortaleza das mulleres que, cos pés no peirao, manteñen viva a tradición pesqueira da súa familia.

S **SEREAS**
“as mulleres do mar”

#INCANSABLES #LOITADORAS #TRABALLADORAS
#AMABLES #HUMILDES #COMPAÑEIRAS
#FORTES #BENECIAS



FUNDAMAR

Fundación para la Pesca y el Marisqueo



CARMEN CHAMORRO

ARMADORA Y REDERA

ARMADORAS

Carmen Chamorro nació en Panxón en 1967, en seno de una familia profundamente ligada a la tradición pesquera, donde “el barco era un miembro más de la familia”. Su bisabuelo, dueño de embarcaciones de cerco, pescaba en las costas gallegas y portuguesas, con licencia hasta Lisboa. Con el tiempo, los barcos pasaron de su bisabuelo a su padre, y finalmente a Carmen y su hermano Fermín.

Recuerda que, en el bajo de la casa de sus abuelos, donde pasó gran parte de su infancia, había una chabola destinada a la reparación de redes. Aunque no recuerda el primer día que llenó una aguja, es evidente que esa labor formó parte de su vida desde muy pequeña. Recuerda que, entre junio y noviembre, su familia se dedicaba a preparar los barcos para la temporada de cerco, mientras que el resto del año exploraban otras artes de pesca.

Carmen fue testigo del papel esencial que desempeñaban las mujeres de su familia: eran responsables de las labores administrativas, de venta y de reparación de redes, mientras que los hombres se ocupaban del trabajo a bordo. Sin embargo, en su familia había un legado de mujeres fuertes y decididas, que, a pesar de la falta de reconocimiento social, se hacían escuchar.

Desde su juventud, Carmen soñó con formar parte del mundo del mar y se formó como patrona de altura. Sin embargo, las oportunidades de llevar el barco no llegaron, y su labor se centró en la reparación de redes y otros trabajos complementarios.

Pero su inconformismo y determinación por cambiar y mejorar la llevó a unirse a la Asociación de Rederas de Cangas, y de ese modo poder formar parte de la Federación de Rederas, desde donde realmente se podían lograr cambios significativos en el sector.

Durante más de diez años en su etapa en la asociación y federación gallega luchó por la profesionalización de las rederas, por mejorar sus condiciones laborales, combatir el intrusismo en el oficio e impulsar el reconocimiento social de la profesión. Carmen llegó a convertirse en formadora en la escuela taller de Moaña, mientras continuaba aprendiendo del entorno familiar hasta que junto a su hermano asumieron la dirección de la empresa.

La crianza de sus tres hijos le impidió estar tan involucrada en el sector durante algunos años. Sin embargo, cuando sus hijos crecieron, Carmen asumió el reto de convertirse en presidenta de ACERGA a Asociación de Armadores de Cerco de Galicia. Desde esta posición, se enfrenta a uno de los desafíos más apremiantes: la falta de relevo generacional. Con tristeza, reconoce que como no se producen los cambios necesarios su generación es la que sostiene la profesión, pero también la que la verá morir.

Carmen sueña con un futuro donde el sector pesquero se adapte a los cambios en la comercialización y nuevos hábitos de consumo, siempre con la mirada puesta en la sostenibilidad. Su objetivo es mejorar las condiciones laborales y asegurar un mayor reconocimiento social tanto del oficio pesquero como de la invaluable contribución de las mujeres.

Impulsada por su deseo de dejar un legado y de incorporar a más mujeres en el sector, Carmen continúa trabajando junto a su fiel y querido hermano en el barco donde todo comenzó. Su vida, marcada por el esfuerzo y la determinación, es un testimonio de la fortaleza de las mujeres que, con los pies en el muelle, mantienen viva la tradición pesquera de su familia.

S **SEREAS**
“as mulleres do mar”

#INCANSABLES #LOITADORAS #TRABALLADORAS
#AMABLES #HUMILDES #COMPAÑEIRAS
#FORTES #EBENCIAIS



FUNDAMAR

Fundación para la Pesca y el Marisqueo